

# O PROCESO

[Orson Welles, 1962]

# 275

ESTREA EN NUMAX: 17.08.2017 | V.O.S.E. | +18

*The Trial* (Le Procès) (1962, 118')

**Dirección:** Orson Welles

**Guión:** Orson Welles (Novela: Franz Kafka)

**Elenco:** Anthony Perkins, Romy Schneider, Jeanne Moreau, Orson Welles, Elsa Martinelli, Akim Tamiroff, Suzanne Flon, Madeleine Robinson

**Son:** Guy Villette

**Música:** Jean Ledrut

**Montaxe:** Yvonne Martin, Frederick Muller, Orson Welles

**Fotografía:** Edmond Richard

**Dirección de arte:** Jean Mandaroux

**Vestuario:** Helen Thibault

**Produtoras:** Paris-Europa Productions (Francia), Hisa-Film (Alemaña), Finanziaria Cinematografica Italiana - FICIT (Italia)

**Distribuidora:** Classic Films

**Formato de proxección:** DCP2K, 1.66:1

**Idioma orixinal:** Inglés

## PREMIOS E FESTIVAIS

Premio do Sindicato de Críticos  
Franceses 1964

## FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

*Fraude*, 1973

*Sed de mal*, 1958

*Otelo*, 1952

*Macbeth*, 1948

*La dama de Shanghai*, 1947

*El cuarto mandamiento*, 1942

*Ciudadano Kane*, 1941

## SINOPSE

Josef é despertado na madrugada por dous axentes de policía que traballan no seu departamento. Sen saber o que está a pasar en ningún momento, lévano ante un tribunal que o condenará a varios anos de cadea. Descoñecendo aínda os seus cargos é enviado a prisión, onde terá que facer todo o posíbel por descubrir quen ou que está detrás de todo o que está a pasar.

«Memorábel reconstrución da novela de Franz Kafka. Unha factura impecábel ao servizo dunha alucinación que provoca tanta inquedaanza como desacougo»

FOTOGRAMAS



\* NOCTURAMA \*

## Entrevista a Orson Welles

Por Huw Wheldon

**O proceso baséase na abraiante novela de Franz Kafka.** Si, polo xeral tentei ser fiel á novela de Kafka se ben no filme hai un par de elementos que non corresponden á lectura do libro. Especialmente o personaxe de Josep K., que no filme non se vén abaixo, non se rende.

**Non tiveches algún reparo á hora de modificar unha obra mestra da literatura?** En absoluto, porque o cinema é un medio diferente. O cinema non ten que ser ilustrador do libro impreso, o filme debe ter entidade propia. Nese sentido emprego a novela do mesmo xeito que o pode facer un guionista, como un punto de partida a partir do que crear un traballo completamente novo.

**Daquela se non é un filme do libro si que podemos dicir que se basea nel?** Nin sequera diría tal, é un filme inspirado polo libro, no cal o meu verdadeiro colaborador é Kafka. Isto que digo pode soar ostentoso, mais coido que segue a ser un filme de Welles, e mesmo cando tentei permanecer fiel ao espírito de Kafka, a novela foi escrita a finais dos anos vinte e estamos en 1962.

**Ten habido moitas interpretacións d'O proceso. Moita xente di que é unha alegría da loita do individuo contra a**

**autoridade, outros din que simboliza a un home loitando contra o diaño. Partiches dalgunha interpretación concreta para o teu filme?** Coido que un bo filme ten que ser quen de suxerir tantas interpretacións como un bo libro, e creo que un artista creativo debere coidar as súas palabras ante esta caste de preguntas, así que vasmе permitir que non responda. Mellor que vexa so filme e comprobe por ti mesmo que é o que che suxire.

**Non me sorprende cando souben que estabas a facer O proceso porque semella que o seu tratamento dos acontecementos ordinarios, coas súas entoacións e matices, fai parte da túa harmonía como cineasta. Coidas que Welles e Kafka van da man neste aspecto?** É gracioso que digas iso porque eu mesmo me sorprendín cando ouvín que estaba a facer *O proceso*. Trátase dun filme moi caro, un filme grande. Hai cinco anos non habería maneira de facelo, ninguén tería convencido a produtores e distribuidores. Pero o mundo cambiou recentemente. Estamos nun momento novo na filmación e non quero dicir que os cineastas sexamos agora mellores, mais o sistema de distribución abriuse un pouco ao igual có público, que está máis preparado para temas complexos. Así que o relevante d'*O proceso* é que puidera terse feito por alguén, tratándose dun filme de vangarda.

**É significativo que filmes como O proceso contén con producións importantes e se dirixan a un público amplo?** É marabilloso e moi

esperanzador. Vexo que hai unha chea de temáticas complexas en filmes que están a funcionar moi ben comercialmente. A xente vainos ver. *Hiroshima, mon amour* (Alain Resnais, 1959) ou *El año pasado en Marienbad* (Alain Resnais, 1961). A min non me gustan pero encántame que se fixeran. Non importa se me gustan ou non. Resnais seguramente odie *O proceso*, mais o que importa é que son filmes experimentais que puideron rematarse e proxectarse e que compiten comercialmente! Noutras palabras o que está a morrer é o cinema puramente comercial, ou cando menos esa é a miña grande esperanza.

**Como sería O proceso se se tivera feito hai cinco anos?** Non sei se hai cinco anos se tería feito o filme, e de facerse sería un filme pequeno e experimental que so se proxectaría en salas especializadas, no canto de ser o que é, un filme cunha elenco de primeira, con Anthony Perkins, Jeanne Moreau e Romy Schneider. É moi importante para min, ten en conta que é o primeiro traballo que teño como director en catro anos!

**O feito é que che encanta facer cinema, non é?** Ese é o meu problema. Se só me dedicase ao teatro tería traballo fixo, sen interrupción, todos estes anos. Mais ao facer este filme decidín que é a mellor marabillosa maneira que coñezo de traballar e quero continuar por este camiño.

Entrevista emitida na BBC en 1962,  
recollida en [www.wellesnet.com/](http://www.wellesnet.com/)  
Tradución: Xan Gómez Viñas

### NA LIBRARÍA NUMAX

**El proceso, Franz Kafka.** Debolsillo

**El proceso, Orson Welles** Layons [DVD]

**Ciudadano Welles, Orson Welles.**

Capitan Swing, 2015

**Orson Welles, Santos Zunzunegui.** Cátedra, 2011

**Mr. Arkadin, Orson Welles.** Anagrama, 2015

**Ciudadano Kane, Orson Welles.** Vértice [BluRay]

**El cuarto mandamiento, Orson Welles.**

Vértice [DVD]

**Sed de mal, Orson Welles.** Universal [DVD]

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

Ven todos os días ao cinema por 4,5 €

# ABÓNATE

E consegue máis vantaxes.  
Infórmate en [www.numax.org](http://www.numax.org)

NUMAX